

O ARTE E A SUA HISTORIA

Aos meus fillos





OS NENOS I - O ARTE

O Arte é a sinxeleza, os teus ollos de neno, aínda non cansos das formas, poden ver con mais, craridade a armonía das liñas, a gracia e serenidade de canto fermoso hai no noso derredor.

Imos tratar de ir vendo como o Arte está preto de nós, en todos os currunchos. Hai Arte na espiga loura que se deixa mover polo ventío fresco, hai Arte na mirada malenónica dunha vaca marela, nunha dorna, lizgaira esbarando sobre das ondas, no voar dunha gaivota, no canto ledizoso dun paxariño....

Mais logo ves ti, como un home ou muller, levados por unha forza espritoal, son capaces de amostrarnos a realidade aínda mais fermosa, de un xeito como si dixéramos, mais sentida. A estes chámánlles "artistas". Son xentes que nasceron con un xenio especial, con unha sensibilidade fina e unha capacidade de intelixencia que lles permite ver nas cousas naturaes mais alá do que os ollos de calquera poden atisbar.

Ti e mais eu pode que non nascéramos con isa sorte que somentes acomete a uns poucos, non embargantes, si sin-

tes e respeitadas o Arte, podes en verdade tamén sentirte artista. Iso é o que temos de tratar nos outros xuntos de eicuí en diante. Eu ei de axudarche, no que ~~eu~~ poida, a que seipas ver e logo que gustes no que os ollos che amostren. E así, pouco a pouco, afacer o noso espírito na sinxeleza, na armonía, na serenidade; iso é o Arte.

Así o home fai Arte en todas as manifestacións da súa vida, pola fala fai a Oratoria, pola escritura a Literatura, os Dibuxos e Pinturas, os Grabados e Esculturas, a Música, as Danzas e Bailes, o Teatro, o Cine, a mais das artesanías ou tamén que lles din "Artes Menores" onde, con outra modestia, hai, non embargantes, Arte.

Todas estas manifestacións artísticas son as maneiras que teñen os artistas de amostrarnos o seu "recado", é o xeito que empregan pra darnos a coñecer o que nos teñen que decir, porque cada obra de Arte é un mensaxe que vai do creador a tí ou a min, que temos a fortuna de contemplar a súa obra, por iso cando os teus ollos se gozan na feitura graciosa do cruceiro de pedra daquel camiño, sinteste mesmamente xunguido ao goce daquel canteiro que o puxo alí. (Fig. 1)

Como decíamos denantes, os artistas teñen diferentes maneiras de dar forma a esa forza espiritual que levan dentro; cada un escolle a "técnica" ou oficio que lle vai

millor, i en todas elas teñen que traballar i esforzarse en adprendelas pra poder logo dar saída á sua inspirazón. Así o que traballa na pedra, o escultor, ha de manexar ben o martelo e o pico; o pintor terá de saber as reaciós dos coores e os segredos das moitas maneiras que hai de pintar; o que escribe ten que coñecer a fala; o que fai música ser un grande estudioso diste Arte. Mais ten presente que o artista non é o que somentes coñece ben a técnica; o que lle distingue e o fai artista é levar dentro de sí aquela forza de espírito que falamos denantes. As técnicas pódense adprender, o xenio nasce con ún.

Os artistas son, non embargantes, homes ou mulleres de persoalidades difrentes, da mesma maneira que os teus amigos cada un ten o seu caraiter e mañiféstanse en xogos e parolas de xeitos distintos.

No Arte istas difrenzas de temperamento chámase-lles "estilo" que ven querendo decir "xeito" ou maneira que adoita o artista pra eispresarse.

Háinos que mañifestan na sua obra a realidade mesma, sentida e traballada no seu espírito, co mesmo respeito pra o que os seus ollos ven que pra o que o seu sentimento lles dí. Iste estilo é o "realista".

Exemplo Realista: Fig. 2.



Fig.2
Xantar de boda en Bergantiños
cuadro de F.A. Sotomayor.
(copia fot. de "F.A. Sotomayor"
Colección Obradoiro. Ed. Bibliófilos Gallegos.

Comentario.- Ves ti iste cuadro ,ao miralo comprende ben a tua sensibilidade o que che quiere decir Sotomaior, É unha boda,dentro de calquera de tantas casas como hai espalladas pola Nosa Terra;mesmo podes verte ti sentado á mesa. Contempra ~~donde~~ ali ~~sea~~ ^{con-}diñidade que foi collida a luce que entra pola finestra,^evai acusando, nunhos craroscuros de refrexos e somas, as eispresións de cada un dos invitados. É o que se dí unha pintura narrativa ou tamén podíamos decir "costumbrista", onde se pode apreciar o xeito de vida distas xentes; como visten, os útiles que empregan e até o que comen, É como si dixéramos un documento dos tempos.

Hai logo o " Impresioismo" que ven sendo un realismo moderno, ;o artista fai a sua obra con liberdade, sin prexucios de leises herdadas ,de xeito ceibo,leirán. A múseca impresioista dá grande sensación a quen a escoita ;sín tela,escóitála e casi che poido decir que a ves , leva consigo grande milagre de prasticidade. Na pintura trabállanse as coores de xeito novo, a manchas postas sin moito coidado (aínda que somentes na aparencia, porque no fondo en toda obra de Arte ten que haber un orde) non embargantes, nos ollos de quen as miran dan ^{forte} grande impresión do natural.

Exemplo Impresioista:

Comentario.- Fíxate no xogo de coores vivos, manchas espalladas, de límites difusos, non ben dilimitados uns dos outros, que forman isa pintura de Lobo. (Fig. 3) Os coores son vivos, brillantes. Compara istes gaiteiros; o outro, xa ti ves que é realista. No mesmo asunto a interpretación distinta de cada estilo. (Fig. 4)

Outro xeito moi importante é o "eispresioismo". O artista non ten mais inquedaanza que a eispreisión, e non ten conta da realidade no dibuxo, nas proporcións nin na coor. Somentes frabrica a sua obra levado da percura de poñer en mañifesto a ialma mesma do recado que quere darnos, sin ter en conta nada que distraiga, e volto a decirche que aínda que pra iso teña necesidade de deformar a realidade.

Eispresioismo:

Comentario.- Mira agora catro exempros de eispresioismo, o primeiro (Fig. 5) é un dibuxo dun neno de 5 anos, representa un indio da América, non hai proporción, a cabeza grande nun corpo e pernas pequenos, vai marchando e volve a cabeza como si mirara pra quen o está dibuxando.

Mais as prumas e a lanza grandísima falan de todo o arrepió e aitude agresiva que quere eispresar o pintor.

2º Eiquí té a faciana sinxela i espritoal dun Apóstol;

Fig 6
é unha pintura "románica". Istes ollos grandes, tremendos



Fig 3
Lobo.Gaiteiro (impresionismo)
(Ilustracion da
obra "Rosalia,Pon
dal, Curros".Ed.Mon-
te Medulio.Paris.)



Fig.4
Mostra de unha marca de bebida(realismo)
(Sin entrar a xuzgar o seu valor artistico
a difrencia de estilo e ben acusada.

Gaiteiro de Seoane

Fig.

Fig.5

Este gaitéiro de Seoane está realizado en un estilo totalmente desemeillante (astrautismo). Todos son retallos superpostos, sin terceira dimension (non perspeitiva) e con transparencias. Todo está nun mesmo prano. Por enriba da primeira impresión un tanto desordeada que lle da a dita superposición de pranos apreciase serenidade e armuña. O artista trata de darnos unha visión total, inteleitual. O artista pinta non a visión aparente dos ollos da carne, sinon "como en verda son as cousas".

Esta figura non aparece no orixinal



Fig.
Indio.
("El Arte de los niños". S. Gasch.
Ed. PEN Av. Principe Asturias. 14
Barcelona)